

## PROCEDIMENTO ADMISIÓN NA ETAPA DE TESE CURSO 2009-10

En aplicación do RD 1393/2007, no relativo aos Estudos de Doutoramento no presente curso académico 2009-2010, cómpre subliñar as seguintes indicacións sobor do procedemento a seguir no proceso de autorización das solicitudes de admisión na etapa de tese-investigación, tendo en conta a adscrición e as titulacións de acceso indicadas polos alumnos:

### 1. DEPARTAMENTOS E INSTITUTOS UNIVERSITARIOS.-

1º Os alumnos que indicaron a adscrición aos Programas de Doutoramento anteriores ao RD 1393/2007, e que acrediten estar en posesión do DEA ou a Suficiencia Investigadora ou Estudos de 3º Ciclo Estranxeiros equivalentes, poderán ser autorizados por acordo do Consello do Departamento ou Instituto Universitario. Estes alumnos quedaran adscritos ao respectivo Departamento ou Instituto Universitario e serán xestionados administrativamente nas secretarías administrativas dos mesmos na aplicación Xescampus, como nos cursos anteriores. **Os Departamentos e Institutos Universitarios non poderán autorizar solicitudes de admisión na etapa de tese de alumnos que acrediten un título de acceso diferente ao indicado anteriormente.**

2º O alumnos que figuran neste momento adscritos a un Departamento ou Instituto Universitario, pero que indican a adscrición a un Programa de Doutoramento do **RD 1393/2007**, serán autorizados polas Comisións Académicas ou Comisións de Doutoramento correspondentes a cada un dos Programas de Doutoramento ofertados no presente curso 09-10, e serán xestionados administrativamente polo Responsable de Unidade do Centro de adscrición do Programa de Doutoramento e/ou polo Coordinador/a do mesmo. Polo que nestes casos nas secretarías administrativas dos Departamentos ou Institutos deixarán estas solicitudes no estado "pendente de resolución", e unha vez habilitada en Xescampus esa opción, serán os órganos correspondentes que autoricen as ditas solicitudes.

En todo caso, se houbera alumnos que por diversas razóns, foran autorizados na aplicación informática dende as secretarías administrativas dos departamentos ou institutos, deberase comunicar esta incidencia á Sección de Posgrao e Terceiro Ciclo, para actualizar os datos que corresponda, unha vez que estean diferenciadas na aplicación Xescampus a adscrición entre Departamentos, Institutos Universitarios e Programas de Doutoramento.

**PROGRAMAS DE DOUTORAMENTO RD 1393/2007**

3º Os alumnos que solicitaron a adscripción aos Programas de Doutoramento do RD 1393/2007, e que acrediten a súa titulación de acceso a etapa de tese, serán autorizados polas Comisións Académicas ou Comisións de Doutoramento correspondentes e serán xestionados polos Responsables de Unidade dos Centros e/ou polos/as Coordinadores/as dos Programas de Doutoramento. A estes efectos os responsables de Xescampus habilitarán esa opción, no prazo máis breve posible, e que será comunicada oportunamente, para que os ditos órganos teñan acceso a dita información, e que lles permita a xestión administrativa dos expedientes destes alumnos na etapa de tese.

4º No caso de que existan alumnos que sexan autorizados polas Comisións Académicas ou Comisións de Doutoramento dos Programas de Doutoramento do RD 1393/2007 ofertados no presente curso académico 2009-2010 e que deban cursar complementos formativos, como requisito da admisión na etapa de tese, a matrícula estará condicionada á superación dos ditos complementos formativos.

O/a Coordinador/a do Programa de Doutoramento deberá comunicar previamente e por escrito á UXA correspondente, a autorización expresa da matrícula deses alumnos neses complementos formativos (materias ou módulos de Máster) de pertencer ao dito Máster; ou deberá obter do/a Coordinador/a dun Máster alleo, a autorización expresa da dita matrícula de complementos formativos; e entregará a cada un dos alumnos unha credencial na que indicará as materias nas que debe formalizar a matrícula no presente curso académico 09-10 e indicar ao alumno que debe dirixirse á UXA, independentemente de formalizar a matrícula na etapa de tese no presente curso académico